

O Liceo de Ourense abre a sua nova etapa dedicada as artes plásticas, co a mostra do esculto-pintor, Xosé Rivada.



Rivada no Liceo de Ourense co seu Peixe, em aceiro.



Rivada ante o cadro Piramide exposto no Liceo de Ourense.



O Cigarrón, escultura de aceiro tratado, una das mais emblemáticas de Rivada e que non podía faltar nesta mostra do Liceo.

O Liceo de Ourense, acolle desde hoxe até o día 15 de maio unha exposición cos últimos traballos do esculto-pintor Xosé Rivada.

Punto e á parte, que así titula a mostra escollida para mostrar no emblemático Pazo de Oca Valladares.

Xosé Rivada presenta esculturas en metal e mármore, e cadros con técnicas mixtas, nas que somete a figuración a estilizacións propias do artista.

14 popostas artísticas, forman a mostra de *Punto e á parte*, 6 esculturas, tres en aceiro e outras tantas en mármore, sobre peñas de pedra e ferro, e 8 cadros, nos que desenvolve técnicas esculto-pictóricas.

As obras expostas, no marco privilexiado do Liceo están inspiradas no corpo humano, nas máscaras -o cigarrón- e nos ambientes acuáticos.

Xosé Rivada tras vivir a época da posguerra en Verín, marcha no ano 1969 a Madrid onde desenvolve as habilidades artísticas aprendidas de pequeno, centrando a súa atención e interese nos corpos espidos, e figurativa, con acuarelas e óleos nos que demostraba o seu grande interese polo debuxo; así como o tratamento do metal e as súas aleacións.

Con posterioridade diríxese a Bilbao, para ampliar a súa formación artística, seguido de Barcelona, Zaragoza Valencia e Madrid. Anos máis tarde recae en México, onde adica parte do seu tempo a aprender o oficio do esmalte e plantexa un proceso inverso ao realizado tradicionalmente con esa técnica. Continúa con viaxes por América Latina, e entra nunha fase de creación simbólica e orixinal que supón a apertura dunha vía inexplorada no arte galego: escultopintura. A partir dese momento, o seu traballo comeza a ser recoñecido pola crítica e a exposicións se suceden por Francia, México, Canadá, Brasil, Portugal e España.

A inauguración desta mostra terá lugar o vernes día 09 de mayo, ás 19,30 horas.